

PLAN DIXITAL

CPR Plurilingüe San José

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O colexio plurilingüe San José (Servas de San José), é un centro católico onde se imparten as ensinanzas de infantil e primaria, e está situado na Rúa Progreso Nº 24 de Ourense.

INFORMACIÓN DE CONTACTO	
Dirección web	www.josefinasourense.com
Correo electrónico	direccion@josefinasourense.com
Número de teléfono	988 22 09 90

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O colexio plurilingüe San José pertencente á Congregación das Servas de San José é un centro concertado de educación católica, aberto a todos, sen distinción de raza, sexo, crenzas relixiosas, ideas políticas, condición social, calidades humanas...

Está situado nunha zona privilexiada de Ourense, entre a cidade antiga e a moderna. Contamos con boa infraestrutura de servizos sociais. O colexio convive con outros centros educativos.

O noso alumnado vive nos arredores cos seus pais e irmáns sendo o máis habitual que tanto o pai como a nai traballen fóra da casa. A implicación das familias é boa, colaborando co colexio no que se lle solicita.

O nivel socioeconómico poderíase situar no medio-baixo, e a perspectiva de estudo do noso alumnado é continuar estudos de bacharelato no IES Otero Pedrayo.

Somos centro Plurilingüe con xornada única. Todo o centro está dixitalizado, contando con PDI e computadores en todas as aulas e participamos no Proxecto Abalar.

O noso centro educativo ten a necesidade de revisar as nosas estratexias co obxectivo de mellorar a nosa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais.

Mediante o presente plan dixital, preténdese:

- Avaliar a situación de un centro educativo con relación ao uso de a innovación e as TIC.

- Recoñecer o Plan dixital como un recurso crave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Na elaboración do plan dixital tivemos en conta as seguintes instrucións:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan dixital estivo marcado polas directrices dadas no curso Adix_Ourense.

Para a elaboración e coordinación do Plan TIC realizamos diferentes estratexias:

- a) Informe Selfie. Completando e detectando as necesidades, debilidades e problemas que necesitan accións concretas no centro.
- b) TestCDD. Realizamos o test de competencia dixital do profesorado (TestCDD) e analizamos os resultados obtidos.
- c) Informe DAFO. Mediante este informe estudamos a situación dixital do noso centro, analizando as características internas (Debilidades e Fortalezas) e a situación externa (Ameazas e Oportunidades).
- d) Obxectivos para o desenvolvemento do Plan Dixital. Elaboramos os obxectivos, accións e indicadores propostos no noso plan dixital, ademais da temporalización dos mesmos.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital:

O centro conta con conexión por cable e conexión Wifi, a instalación realizouse hai 15 anos, con varios puntos de conexión, o ancho de banda do centro é deficiente e a velocidade de transferencia de datos é insuficiente para un centro de gran afluencia. Tamén contamos coa atención da UAC.

Equipamento

O Colexio plurilingüe San José dispón de diversos recursos dixitais a disposición dos membros do equipo directivo, do profesorado e do alumnado.

Dispomos dunha aula de informática cun total de 15 computadores de sobremesa (Antec AMD® Ryzen 3 2200g with radeon vega graphics × 4) con sistema operativo linux. A instalación eléctrica para facilitar as conexións atópase protexida por unha cuberta.

Contamos, en cada aula, incluíndo a aula de música, a de plástica e a biblioteca, sala de profesores con un dispositivo para o profesorado, sendo a maioría portátiles. Ademais de 2 portátiles para o uso do profesorado que se atopan, un na biblioteca de galego e outro no salón de actos. Un dispositivo en secretaría e outro en administración.

Os equipos das aulas da ESO 1º, 2º e 4º teñen o sistema operativo obsoleto, Windows XP, Windows 7 e as memorias RAM son de baixa capacidade (2G).

Temos o sistema operativo Linux na sala de informática, no resto do centro o sistema operativo e Windows (XP, 7 e 10). Todos os computadores están conectados en rede e contan con Office de Microsoft 10.

Todas as aulas están dotadas con PDI, sendo un total de 28 (unha por aula nas tres etapas educativas, máis unha na aula de plástica e no taller de tecnoloxía) ademais contamos con 3 proxectores (aula de informática, salón de actos e aula de música)

O centro dispón de webcam en cada portátil ademais de altofalantes por computador e portátil.

Para o alumnado de 5º, 6º de EP e 1º e 2º da ESO o centro dispón de 200 ultraportátiles do Proxecto Abalar, incompatibles coas últimas actualizacións das distintas editoriais e libros dixitais.

O centro conta cunha coordinadora de TIC que se encarga do mantemento de todo o equipamento do centro, e un técnico informático.

Servizos dixitais educativos

O centro dispón dunha páxina web propia, aula virtual, Facebook, canal de Youtube. Ademais comunicámonos, dixitalmente, coas familias a través do espazoAbalar e de Abalarmóbil.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo das áreas do Informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	4,1	3,9
	Profesorado	3,7	3,8
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,8	4
	Profesorado	3,5	3,5
	Alumnado	3,7	2,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,5	4,6
	Profesorado	3,7	3,8
	Alumnado	3,8	3,1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7	3,6
	Profesorado	3,3	3,7
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8	3,8
	Profesorado	4,3	4,1
	Alumnado		3,5
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,8	3,6
	Profesorado	3,9	3,8
	Alumnado	3,2	2,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,6	3,3
	Profesorado	3,8	3,2
	Alumnado		2,4
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,9	3,7
	Profesorado	3,7	3,8
	Alumnado	4,1	3

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>28</u>	<u>41</u>	<u>68,3 %</u>
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0%</u>
TOTAL	<u>28</u>	<u>42</u>	<u>68,3%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	54,6	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
ESO	76,6	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
Pri	76,2	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
ENR	74	Integrador/a (B1)	75,4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,6 %
A2	10	35,7 %
B1	15	53,6 %
B2	2	7,1 %
TOTAL	28	100 %

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C.2. En todas as aulas contamos con equipos, proyectores e PDI. Así como aula de informática.</p> <p>C.7. Consideramos de gran importancia traballar con seguridade ante a Información persoal e académica, tanto dos nosos aulas como da propia</p>	
	PERSOAL DOCENTE	<p>A.3. Contamos co apoio do ED para probar novos métodos da ensinanza dixital.</p> <p>E.1. As editoriais brindannos unha ampla variedade de recursos adaptados Ao curriculum.</p> <p>E.4. Boa e permanente comunicación coas familias a través do espazo abalar E a nosa aula virtual, así como correos electrónicos.</p>	<p>D.1. O persoal docente ten necesidade de continuar formándose en novas Tecnoloxías.</p> <p>F.5. O alumnado percíbeo de forma negativa xa que non houbo experiencias de aprendizaxe grupal debido á pandemia.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		<p>D.3. Aínda que contamos cunha auxiliar de conversa, esta non dispón de horas para poder abarcar os catro cursos da ESO, se tivera máis carga horaria, poderíamos incluso dixitalizar algunha desas horas participando en videoconferencias con outros grupos do centro.</p>
	ALUMNADO	<p>H.3. No noso centro o alumnado respecta aos compañeiros cando empregan as novas tecnoloxías.</p>	<p>H.7. Tanto o ED como o profesorado non atopamos as materias e os espazos Oportunos para levar a cabo a creación de contenidos dixitales.</p>

FAMILIAS		O centro atópase nun marco socio-económico medio-baixo , polo tanto determina A falta de medios dixitais e conexións a internet dificulta a realización de tarefas On line, tanto de forma individual coma grupais, presentación de traballos, Intervención nos blogs do centro...
OFERTA	A.3.Contamos co apoio do ED para probar novos métodos da ensinanza dixital.	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A.1. O noso centro conta cunha estratexia dixital. A.2. A estratexia dixital é levada a cabo tanto polo ED como polo profesorado B.1.O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para avaliar O progreso do proceso de ensinanza aprendizaxe.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Consideramos o grao da implantación das novas tecnoloxías positivo.	
	LEXISLACIÓN	C.7. Consideramos de gran importancia traballar con seguridade ante a Información persoal e académica, tanto das nosas aulas como a propia.	
	CONTORNA		O centro atópase nun marco socio-económico medio-baixo , polo tanto determina falta de medios dixitais e conexións a internet. As familias non teñen o coñecemento necesario para manter un bo Control parental sobre o uso das tecnoloxías que empregan os seus fillos.
	ANPA	No noso centro a anpa colabora coas distintas actividades.	A ANPA non incorpora na súa oferta actividades dixitais.
	OUTRAS ENTIDADES	B.3. No noso centro empregamos novas tecnoloxías para colaborar Con outras organizacións, coma os proxectos realizados co parque tecnolóxico.	

3. Plan de Acción

O plan de acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso según a prioridade de actuación que se requira.

Neste sentido, durante este curso prestarase especial atención a combater a fenda dixital, á formación do profesorado e do alumnado e ás circunstancias derivadas da pandemia da COVID.

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo medible, real, planificado e axustado a as necesidades do centro. Determinaranse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e ao final do curso.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez finalizado o noso DAFO, analizamos as debilidades e ameazas para marcarnos uns obxectivos. Estes obxectivos serían SMART (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e temporais) e contarían con accións concretas e medibles numericamente. Cuns valores de partida e valores previstos de finalización. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Cos obxectivos marcados queremos ampliar a competencia dixital do profesorado e do alumnado.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: D DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
OBXECTIVO 1: (1)	Participar nun plan de formación para mellorar a competencia dixital do profesorado.				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% de profesores que realiza a formación					
Valor de partida: (3)	25% do profesorado participa					
Valor previsto e data: (4)	85% do profesorado participa no plan de formación			Ao rematar o curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Seleccionar Grupo de traballo PD (Plan Dixital).	Equipo directivo	2/09/2022	Convocatoria. Grupo de traballo PD.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaborar un cuestionario para detectar as necesidades do profesorado en ferramentas dixitais.	Grupo de traballo PD	20/09/2022	Grupo de traballo. Aula de informática. Cuestionario de Google. Profesorado de centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitar formación.	Grupo de traballo PD	30/09/2022	Convocatoria de cursos ofertados para o curso 2022-23. Grupo de Traballo PD.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: D DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
OBXECTIVO 2: (1)	Participar no plan E-Dixgal no curso 2023-24.				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de cursos que participan no plan E-Dixgal.					
Valor de partida: (3)	0 cursos					
Valor previsto e data: (4)	Un curso con dous grupos.			30/06/24		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Comunicar no claustro a participación do centro no Proxecto E-Dixgal.	Equipo Directivo	1/09/2022	Convocatorio do claustro. Equipo Directivo. Claustro de profesores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Solicitar formación sobre o Proxecto E-Dixgal.	Coordinador/a TIC	30/09/2022	Convocatoria de cursos ofertados para o curso 2022-23. Coordinador/a TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Presentar a solicitude do proxecto Educación Dixital (E-Dixgal)	Coordinador/a TIC	30/03/2023	Convocatoria da Xunta do proxecto E-Dixgal. Coordinador/a TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 3: (1)	Desenvolver a competencia dixital do alumnado empregando programas dixitais e contornas dixitais que faciliten a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.				Acadado	
Responsable:	GRUPO DE TRABAJO PD				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% do alumnado que empregan recursos dixitais.					
Valor de partida: (3)	Descoñecido.					
Valor previsto e data: (4)	50% do alumnado emprégao.			Ao rematar o curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Valorar programas dixitais e contornas dixitais para empregar por etapas educativas.	Grupo de Trabajo PD	22/12/2022	Grupo de Trabajo PD.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Organizar as actividades dixitais e crear un banco de recursos dixitais.	Profesorado da materia	30/06/2023	Profesorado da materia. Actividades e recursos dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Traballar co alumnado nunha contorna dixital.	Profesorado da materia	30/06/2023	Profesorado da materia. Actividades e recursos dixitais. Alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.
- Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.
- No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).
- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Consideramos que o taller de tecnoloxía non conta cunha zona dedicada aos contidos dixitais, é dicir, equipos informáticos para traballar os devanditos contidos. Esta aula podería ser usada para desenvolver a nova materia de 1ºESO TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN.

- Nº DE EQUIPOS REQUERIDOS: 15 EQUIPOS (CPU, monitor, teclado e rato)
- CARACTERÍSTICAS DOS EQUIPOS:
 - Memoria: 16 GB
 - Procesador: IntelCorei5
 - Disco SSD: 256 GB
 - Monitor: 19"

Tamén necesitamos renovar os equipos informáticos do profesor das aulas de secundaria, concretamente: 1ºESO, 2ºESO e 4º ESO.

- Nº DE EQUIPOS REQUERIDOS: 12 portátiles
- CARACTERÍSTICAS DOS EQUIPOS: IntelCorei5-1035G1/16GB/256GB SSD/15,6"

Por último necesitaríamos revisar a WIFI e a velocidade de entrada e saída de datos, xa que nos atopamos nalgúns casos que non soporta que esteamos todo o centro traballando.

Todas estas necesidades parten dende o bo desenvolvemento do propio Plan Dixital e o cumprimento dos seus obxectivos.

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Para poder avaliar o plan mediremos o grao de consecución dos obxectivos que nos marcamos, os cales deben ser medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo, sendo necesario comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo.

Para levar a cabo a avaliación, teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:

- Os indicadores de avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións, avaliados trimestralmente.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

No caso de que os obxectivos non se cumpran en prazo, por falta de materiais ou de recursos humanos, revisariamos as accións marcadas en cada un dos obxectivos, así como, datas e equipos de traballo. Reformulando e creando posibles novas accións e/ou prazos.

O informe de progreso formará parte da Memoria anual do Centro, na que se incluírá tanto a valoración do logro dos obxectivos propostos coma as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

PLAN DE COMUNICACIÓN	ENTRE DOCENTES	CONSELLO ESCOLAR
INTERNA/ EXTERNA	INTERNA	EXTERNA
ANALÓXICA/ DIXITAL	DIXITAL	DIXITAL
FERRAMENTAS	CLAUSTRO 28/06/22 DOCS. DIXITAIS	REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR 29/06/22